A ATALAIA

O edificio que alberga o Museo do Mar é unha réplica da antiga Atalaia construída entre 1665-1666 nos últimos anos da Guerra de Independencia portuguesa (1640-1668).

O emprazamento orixinal desta torre ou posto de vixilancia durante os tres anos de dominio luso da vila guardesa (1665-1668), foi un baixo rochoso no dique sur do porto, preto das actuais casetas dos mariñeiros, que comunicaba na baixamar con terra firme.

Tratábase dunha torre de planta circular con muro de mamposteria ataludado que no seu interior posuía unha cámara central abovedada, mentres na plataforma superior se atoparía algunha garita para os sentinelas e pezas de artillería. Foi reedificada en 1779 para defenderse das incursións de piratas africanos, que xa desde o século XVII chegaban por estas costas. Durante a contenda bélica contra os ingleses, entre 1804 e 1808, a atalaia ofrece protección aos barcos corsarios españois que atacaban aos buques ingleses e portugueses que seguen as rutas comerciais a través do noso litoral.

Logo das continuas demandas e reivindicacións dos mariñeiros dun porto máis seguro, inícianse a comezo do século XX obras de construción e ampliación do dique Sur. Nos anos 40, con motivo destas obras destrúense os restos da Atalaia.

Texto_ Roberto Rodríguez Álvarez. Enc. Museo Mar A Guarda (MUMAGU) Agradecemento_ Fernando Coello (fotos pezas Museo)

Atalaia
Museo do Mar

A GUARDA | Pontevedra

Rede de Museos A Guarda

MUSEO ARQUEOLÓXICO DE SANTA TREGA
Tel_986 610 504 / 690 017 038

MUSEO DO MAR
Tel_986 685 185

CASTELO DE SANTA CRUZ
Tel_986 685 855

redemuseos@aguarda.es

MASAT · MUSEO DO MAR DE AGUARDA · CASTELO DE SANTA CRUZ

CONCELLO DE A GUARDA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Atalaia
Museo do Mar

GUÍA DE VISITAS

A GUARDA | Pontevedra

MUSEO DO MAR DE AGUARDA

O Museo do Mar pon en valor os fondos etnográficos das xentes do mar cedidos por ANABAM e varias familias mariñeiras, así como a voluminosa e variada colección malacolóxica adquirida polo Concello ao malacólogo vigués Ignacio Navarro.

Foto da antiga Atalaia portuguesa (R. Buch y Buet, 1870). Cedida por Antonio Martínez

COLECCIÓNS

O Museo do Mar nace grazas ao interese amosado polo Concello da Guarda por preservar o gran valor patrimonial que atesouran as dúas coleccións directamente vinculadas co mundo do mar:

- Unha de carácter ***etnográfico mariñeiro***
- Outra de carácter ***malacolóxico*** (estudio zoolóxico dos moluscos con cuncha)

Colección Etnográfica

Seguindo un percorrido circular, a sala expositiva achéganos inicialmente ao contexto xeográfico e histórico da Guarda, coas tres referencias espaciais do monte Santa Trega, o esteiro do río Miño e a liña de costa, que condicionaron o asentamento das primeiras comunidades en tempos prehistóricos e tiveron no mar a súa razón de ser. Nos séculos medievais xorde o burgo mariñeiro que se desenvolve nas centurias modernas ata configurar a actual vila mariñeira.

O itinerario continua a través da visión antropolóxica dunha selección de útiles, aparellos e artes de pesca artesanais, instrumentos de navegación e a réplica da gamela guardesa. Os obxectos reflicten o saber dos oficios tradicionais hoxe moi mudados ou ben desaparecidos, por mor da introdución de novas tecnoloxías (sonar, radar, gps, motores...), materiais (irrupción do nailon, plástico, tanza, aceiro...) e cambios socias que provocaron o desapego

da tradición e o desuso de moitas daquelas pezas, saberes, costumes e tradicións transmitidos de pais a fillos, de xeito oral, ao longo dos séculos.

Entre os aparellos e útiles asociados aos oficios tradicionais, na sala expositiva amósanse útiles relacionados coa **recollida do argazo** (cavóns, ganchas, cramoeiro), o **atado e armado de redes** (agullas, punzóns, bitolas...), a elaboración de **cordas** (roda, cruceta, moretas, cipotes...), o **marisqueo** (raspa, faldriqueira, can da ameixa...), a carpintaría de ribeira (pailebotes, volanteiros, gamelas) e a **pesca artesanal**, tanto no río (lampreeira, rede do meixón...) como no mar (trasmallo, volanta, nasa, bixeiro, baretón...).

Non podía faltar a **gamela guardesa**, emblemática embarcación de baixura, acompañada de moi diversos útiles e instrumentos de navegación como a rosega, o compás, as drizas, os remos, ou a vela latina. A pía da casca xunto co mazo e o pote testemuñan as terefas de conservación de aparellos e velas.

Compleméntase a exposición con audiovisuais sobre aspectos inmateriais como son os traballos, repartimentos das ganancias, tradicións orais, costumes, crenzas, refráns, supersticións, marcas poveiras, naufraxios..., dos verdadeiros "Tesouros Vivos do Mar da Guarda", que conformaron a identidade mariñeira da vila.

BIBLIOGRAFÍA

ÁVILA Y LA CUEVA, F. 1852b (1995 Ed. facsímil). *Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado*. Tomo II. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

BIANUCCI G. et alli. 2013. – *Bizarre fossil beaked whales (Odontoceti, Ziphiidae) fished from the Atlantic Ocean floor off the Iberian Peninsula*. Geodiversitas 35 (1): 105-153.

FERREIRA. *Utiles e aparellos do Museo do Mar da Guarda*. Monografias ANABAM.

MADOZ, P. 1847. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo IX. Madrid: La Ilustración.

VV.AA. 1880. *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Tomo II. Madrid.

http://www.galiciasuroeste.info/varios/atalaya.htm)

Colección Malacolóxica

Adquirida en 2006, componse dunhas 18.000 cunchas mariñas de todos os mares, de ampla variedade de familias e que presenta un gran valor zoolóxico. Seleccionadas polo malacólogo guardés Emilio Rolán, o Museo do Mar mostra unha selección das que ofrecen un maior interese científico e estético, clasificadas en catro familias de cunchas: *Cypraeidae*, *Muricidae*, *Volutidae* e *Conidae*.

Asi mesmo exponse corais do Caribe, estrelas de mar e diferentes especies de macrocunchas (*Nautilus pompilius*, *Melo aethiopicus*, *Cassis cornuta*...).

Nautilus pompilius Linneo, 1758 (Esq.)
Cypraea Lyncina (Callistocypraea) aurantium Gmelín, 1791 (Dta.)

Restos fósiles_ Zifio

Grazas á colaboración de Serafín González Lomba amósanse pezas de gran valor científico como son os restos fósiles de cranio e vértebras dun cetáceo coñecido como zifio (do grego *xiphos*, espada, balea con nariz de espada) pertencente a unha nova especie descuberta en 2013 (*Choneziphius leidy n. sp.*) logo de ser recuperada fronte ás costas de Oia, no borde da plataforma continental. Presentan unha antigüidade aproximada duns 20 millóns de anos.



HORARIO MUSEO DO MAR

SEMANA SANTA de xoves a domingo	RESTO DO ANO Fins de semana e festivos
Inverno (16 de setembro - 14 de xuño) 11:00 - 14:00 / 16:00 - 19:00	
Verán (15 de xuño - 15 de setembro) 11:00 - 14:00 / 18:00 - 21:00	

CONSULTAR APERTURA NOS MESES DE INVERNO